

**A MULLER NO MUNDO
LABORAL**

5

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice capítulo 5

A MULLER NO MUNDO LABORAL	3
Introdución.....	3
5.1. A muller na poboación galega.....	4
5.2. Muller e actividade económica de mercado	8
5.2.1. Introdución.....	8
5.2.2. Actividade e inactividade	9
5.2.3. Emprego e desemprego	12
5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado	15
5.4. Contratos de traballo	19
5.5. Formación.....	22
5.6. Poder e toma de decisións	26
5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar	29
5.9. Prestacións por desemprego.....	37
5.10. Pensións	40

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

Introdución

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 250 persoas traballadoras.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias co masculino, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas

grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente.

5.1. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

En Galicia en 2019 por cada 100 homes hai 108 mulleres; o dato na Coruña é de 108,69, en Lugo de 106,4; en Ourense de 108,5 e en Pontevedra de 107 (todos moi por enriba da media española: 104,08)

Cadro 5.1

Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias. Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2017-2019

	2017			2018			2019		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
España	46.572.132	22.832.861	23.739.271	46.733.038	22.914.086	23.818.952	47.026.208	23.042.428	23.983.780
Galicia	2.672.940	1.282.772	1.390.168	2.672.940	1.282.772	1.390.168	2.699.499	1.298.964	1.400.535
A Coruña	1.120.294	537.311	582.983	1.119.351	536.637	582.714	1.119.596	536.470	583.126
Lugo	333.634	161.775	171.859	331.327	160.647	170.680	329.587	159.686	169.901
Ourense	311.680	149.689	161.991	309.293	148.426	160.867	307.651	147.522	160.129
Pontevedra	942.731	455.617	487.114	941.772	454.899	486.873	942.665	455.286	487.379

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2019 había na Unión Europea aproximadamente 51,09% de poboación feminina.

Cadro 5.2

Poboación España e UE. % de mulleres. 2016-2019

	2016	2017	2018	2019
EU 28	51,13	51,11	51,1	51,09
España	50,89	50,92	50,96	51

Fonte: Eurostat.


A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3.

Cadro 5.3

Poboación e índice de femineidade. 1996- 2019

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	23.776.565	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos e case igual en el grupo de 16 a 44 anos.

- As mulleres son maioría no outro grupo de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade e sexo. 2017-2019

Idade	2017			2018			2019		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	345.107	177.680	167.427	344.170	177.115	167.055	338.788	174.521	164.267
16-64 anos	1.697.293	844.152	853.141	1.684.643	837.181	847.462	1.673.836	831.135	842.661
65 e mais	665.939	282.560	383.379	672.930	286.313	386.617	687.685	293.715	393.970
Total	2.708.339	1.304.392	1.403.947	2.701.743	1.300.609	1.401.134	2.700.309	1.299.371	1.400.898

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que nos últimos 25 anos en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).


- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegou aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.

- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 635 nenos máis que nenas en 2019.

Cadro 5.5

Nacemento segundo o sexo do/a
nado/a.1985-2019. Galicia.

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.990	10.099
2013	10.990	10.099
2014	10.316	9.427
2015	10.032	9.395
2016	9.773	9.289
2017	9.471	8.974
2018	9.265	8.702
2019	8.118	7.483



Fonte: INE, Movemento natural de poboación.

No cadro 5.6 compróbase que Galicia é a una comunidade autónoma na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en dos puntos.

Cadro 5.6

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por comunidades autónomas. 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
España	43,66	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84	49,05	49,30	49,59	49,86	49,93
Andalucía	43,31	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64	48,93	48,90	48,95	49,21	49,50
Aragón	39,72	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42	47,74	48,27	49,04	49,41	49,3
Asturias	44,49	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62	52,66	52,95	53,23	53,44	53,44
Baleares	45,01	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54	49,71	49,89	49,95	49,91	49,40
Canarias	45,89	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66	49,77	49,91	49,93	50,16	50,5
Cantabria	42,71	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31	50,73	51,38	51,88	52,03	51,3
Castela e León	42,79	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90	48,90	49,89	50,31	50,76	51
Castela-A Mancha	39,83	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00	47,65	48,18	48,58	48,94	49,1
Cataluña	42,02	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65	47,86	48,08	48,45	48,71	48,71
C. Valenciana	44,48	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40	48,58	48,81	49,25	49,52	49,6
Extremadura	43,42	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77	49,35	49,82	50,35	50,82	51,58
Galicia	44,75	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88	50,09	50,60	50,74	50,74	52,03
Madrid	46,59	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52	51,73	52,14	52,42	52,67	52,8
Murcia	40,57	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18	45,33	45,50	45,55	45,66	45,9
Navarra	42,16	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38	47,87	48,08	48,64	49,24	49,5
País Vasco	42,88	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32	49,35	49,54	49,63	49,96	50,2
A Ríoxa	40,62	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79	49,42	49,83	50,18	50,45	50,4
Ceuta	44,70	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37	49,83	49,99	50,33	49,74	50,5
Melilla	42,99	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80	49,28	49,50	50,04	50,13	50,3

Fonte: INE, Explotación estatística do Padrón.

5.2. Muller e actividade económica de mercado

5.2.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso nos últimos 25 anos por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Coruña (59,6%) e a menor é a das mulleres en Ourense (45%)

- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (50,7 %), está por debaixo, en máis de 7 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é A Coruña (50,4%), seguida da Pontevedra (49%). A taxa máis baixa está en Ourense con 45%.

- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 49,1% fronte ao 57,6% de homes.

- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (12,3%) coma no de mulleres (15,5%).



- A taxa de desemprego máis baixa nos homes é a de Lugo cun 7,9% e a de mulleres na Coruña cun 11,7%.

Cadro 5.7

Distribución porcentual da poboación de 16 e máis anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2016-2019

	Taxas de actividade				Taxas de desemprego			
	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019
Homes								
A Coruña	59,80	59,50	59,20	59,60	14,50	13,70	11,90	9,00
Lugo	56,70	56,90	55,60	56,1	14,10	11,50	7,60	7,9
Ourense	51,50	52,10	51,60	50,7	19,00	15,40	12,40	11,60
Pontevedra	60,00	58,30	58,30	58,1	19,10	17,70	14,70	12,3
Galicia	58,50	57,90	57,50	57,6	16,50	15,00	12,40	10,3
Mulleres								
A Coruña	50,30	50,50	50,80	50,40	16,40	14,70	12,60	11,70
Lugo	47,80	46,70	48,00	48,40	15,60	13,90	10,90	11,8
Ourense	44,70	44,10	44,70	45,0	20,10	17,70	15,20	14,20
Pontevedra	48,80	49,90	49,70	49,00	19,70	18,90	17,50	15,50
Galicia	48,80	49,10	49,40	49,10	17,80	16,40	14,40	13,30

Fonte: IGE-INE, EPA 25-01-2019.



5.2.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas (CC.AA). Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia máis de 4 puntos porcentuais por baixo da media española.

- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en máis de 8 puntos á feminina, pero está máis de 6 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2016-2019

	Homes				Mulleres			
	2016	2017	2018	2019	2016	2017	2018	2019
España	64,80	64,57	64,55	64,24	53,41	53,33	53,06	53,53
Andalucía	64,60	63,95	63,96	63,31	50,61	50,21	50,1	50,24
Aragón	65,33	64,36	64,54	65,17	53,28	52,79	53,01	53,66
Asturias	55,65	54,90	55,04	54,98	46,62	46,85	46,92	46,98
Baleares	67,56	67,63	69,87	67,88	57,54	55,65	59,06	56,93
Canarias	65,56	65,60	65,48	65,65	56,32	56,37	55,48	55,8
Cantabria	61,66	60,98	60,76	60,66	51,06	51,03	49,24	51,12
Castela-A Mancha	61,05	60,19	66,06	65,16	49,09	48,78	51,43	51,91
Castela e León	66,55	66,66	60,59	60,92	51,09	52,32	48,68	49,92
Cataluña	66,83	66,98	66,61	66,48	56,76	56,78	56,26	56,95
C. Valenciana	64,58	65,08	64,90	64,71	54,63	53,77	52,47	52,54
Extremadura	62,31	62,17	62,61	62,14	47,70	47,54	48,17	49,34
Galicia	58,40	57,56	57,52	57,58	48,75	48,79	49,38	49,06
Madrid	68,47	68,24	68,41	68,05	58,42	58,90	57,93	59,21
Murcia	66,39	66,70	66,50	66,68	51,85	52,07	52,22	52,7
Navarra	63,69	63,84	63,44	63,29	54,26	54,01	54,88	54,13
País Vasco	62,58	61,81	61,33	59,78	51,20	51,25	51,61	52,13
A Ríoxa	64,33	65,05	63,79	63,60	53,48	53,03	54,69	54,96
Ceuta	63,71	64,70	65,72	68,39	46,60	49,41	52,20	48,88
Melilla	71,09	70,49	70,61	63,60	48,84	50,54	54,50	52,77

Unidades: porcentaxe.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2019.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" (27,7%) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" (35,8%).

- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de "xubilación ou prexubilación" (co 62,7% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 35,8%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constituía hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

- O 13% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 15,7% entre os homes.

- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de cinco veces maior que nos homes.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2019

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/	Labores do fogar	Incapacitado/ a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	20,2	58,8	5,6	8,9	2,6	3,8
Andalucía	100	22,7	52,8	6,1	10,8	2,3	5,3
Aragón	100	16,7	67,9	4,9	7,1	2,1	1,3
Asturias	100	14,3	67,7	3,6	6,8	3,0	4,5
Baleares	100	20,8	51,8	8,6	8,6	2,4	7,9
Canarias	100	20,2	50,9	7,8	13,2	2,8	5,1
Cantabria	100	21,0	59,2	4,6	8,1	3,1	4,1
Castela e León	100	16,3	68,0	3,5	7,7	1,5	3,0
Castela-A Mancha	100	21,3	59,6	3,8	9,4	1,7	4,2
Cataluña	100	18,7	60,3	5,5	6,4	4,7	4,4
C. Valenciana	100	20,0	60,5	5,9	9,3	1,8	2,5
Extremadura	100	18,1	59,5	4,5	9,3	3,6	5,0
Galicia	100	15,7	62,7	5,2	10,6	3,1	2,7
Madrid	100	24,1	58,5	6,7	6,4	2,0	2,4
Murcia	100	23,1	52,1	6,7	10,4	2,7	5,0
Navarra	100	23,7	61,3	5,2	6,9	0,7	2,3
País Vasco	100	19,3	60,5	4,5	12,1	1,6	2,1
A Ríoxa	100	19,1	65,3	5,5	6,0	1,2	2,8
Ceuta	100	36,9	39,3	6,8	6,3	1,5	9,3
Melilla	100	26,2	42,0	8,9	5,6	11,7	5,7
Mulleres							
España	100	16,1	25,9	34,1	6,8	15,4	1,6
Andalucía	100	16,5	20,2	38,4	7,5	15,7	1,7
Aragón	100	14,1	25,4	35,8	7,5	16,5	0,7
Asturias	100	11,1	28,6	33,1	6,8	18,7	1,8
Baleares	100	16,6	26,8	35,1	6,8	9,7	5,1
Canarias	100	18,6	19,0	34,6	8,0	16,6	3,1
Cantabria	100	14,0	24,4	35,8	5,9	18,7	1,3
Castela e León	100	13,2	24,1	37,5	6,3	17,9	1,1
Castela-A Mancha	100	16,8	13,4	44,5	6,9	16,9	1,5
Cataluña	100	14,9	33,5	29,6	4,2	16,0	1,8
C. Valenciana	100	16,6	29,5	31,4	9,8	11,0	1,6
Extremadura	100	17,2	17,0	36,9	6,5	20,4	2,0
Galicia	100	13,0	35,8	27,7	6,4	16,0	1,1
Madrid	100	18,4	26,4	33,6	4,8	15,5	1,3
Murcia	100	19,2	22,9	37,4	7,4	12,4	0,7
Navarra	100	20,3	25,3	27,8	11,1	14,7	0,9
País Vasco	100	14,8	28,0	30,5	9,4	16,2	1,1
A Ríoxa	100	16,3	29,8	34,4	5,8	11,8	1,8
Ceuta	100	18,6	9,7	46,3	7,1	17,7	0,7
Melilla	100	25,9	8,0	44,2	6,2	11,0	4,8

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 20-24 anos as mulleres inactivas superan aos homes inactivos en 2.200 persoas mentres que a medida que avanzamos en idade tamén o facemos en diferenza, ata chegar a unha diferenza de 17.800 inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 94.800 no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

Cadro 5.10

Poboación inactiva por grupo de idade e sexo. Valores absolutos. Galicia. 2017-2019

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019	2017	2018	2019
Homes	474,3	475,3	474,0	39,4	40,1	41,1	29,9	28,1	28,1	16,3	16,5	16,7	17,9	18,2	14,8	24,7	25,2	25,0	71,1	68,2	69,2	275,1	279,0	279,1
Mulleres	624,1	622,0	621,4	37,5	39,8	40,0	29,8	31,3	30,3	23,8	21,4	23,1	30,2	27,6	25,7	44,3	42,9	41,5	90,7	90,7	87,0	367,9	370,0	373,9
Galicia	1.098,4	1.097,3	1.095,4	76,9	79,9	81,1	59,7	59,4	58,4	40,1	37,9	39,8	48,1	45,8	40,5	69,0	68,1	66,5	161,8	158,9	156,2	643,0	649,0	653,0

Unidade: miles.
Fonte: INE 4T.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) coma a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 83,9% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,6%).

- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agropesqueiro supera o dobre da media española de mulleres, mentres que nos homes non chega a dous puntos.



- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,2% de ocupación, igual que a media estatal (1,2%).

- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

Cadro 5.11

Distribución porcentual da poboación ocupada por sector económico,
comunidad autónoma e sexo. 2019

		Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	Homes	100,0	11,6	12,8	10,6	65,0
	Mulleres	100,0	5,0	5,2	0,8	88,9
Aragón	Homes	100,0	8,6	25,7	11,2	54,5
	Mulleres	100,0	2,7	11,5	1,4	84,4
Asturias	Homes	100,0	3,8	19,7	11,4	65,1
	Mulleres	100,0	2,3	5,7	1,2	90,8
Balears	Homes	100,0	1,1	8,7	19,8	70,4
	Mulleres	100,0	0,2	4,1	2,3	93,4
Canarias	Homes	100,0	4,4	5,8	9,1	80,7
	Mulleres	100,0	1,4	1,9	0,7	96,1
Cantabria	Homes	100,0	3,6	24,4	12,1	59,9
	Mulleres	100,0	1,8	7,0	1,3	90,0
Castela e León	Homes	100,0	8,9	24,3	11,5	55,4
	Mulleres	100,0	2,7	10,0	0,9	86,4
Castela-A Mancha	Homes	100,0	8,5	20,7	13,4	57,4
	Mulleres	100,0	2,4	9,9	1,7	86,0
Cataluña	Homes	100,0	2,2	22,4	10,4	64,9
	Mulleres	100,0	0,5	12,2	0,9	86,4
C. Valenciana	Homes	100,0	4,8	23,3	9,9	62,0
	Mulleres	100,0	1,0	10,6	1,3	87,1
Estremadura	Homes	100,0	15,9	15,1	10,2	58,8
	Mulleres	100,0	3,9	6,4	1,0	88,7
Galicia	Homes	100,0	7,4	22,6	11,8	58,2
	Mulleres	100,0	4,7	10,2	1,2	83,9
Madrid	Homes	100,0	0,3	11,4	10,5	77,7
	Mulleres	100,0		6,1	1,7	92,3
Murcia	Homes	100,0	16,2	19,2	11,4	53,2
	Mulleres	100,0	4,6	6,4	0,8	88,2
Navarra	Homes	100,0	5,0	35,2	7,6	52,1
	Mulleres	100,0	1,1	13,3	1,0	84,6
País Vasco	Homes	100,0	1,2	31,4	9,5	57,9
	Mulleres	100,0	0,7	8,8	1,2	89,3
A Rioxa	Homes	100,0	7,1	35,0	10,0	47,9
	Mulleres	100,0	3,7	12,9	0,9	82,4
Ceuta	Homes	100,0	0,6	1,4	4,7	93,3
	Mulleres	100,0		1,9		98,1
Melilla	Homes	100,0		3,5	9,9	86,6
	Mulleres	100,0				100,0
España	Homes	100,0	5,7	18,6	10,9	64,8
	Mulleres	100,0	1,9	8,3	1,2	88,6

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre.

As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

- A taxa de paro das mulleres é 2 puntos superior á dos homes en Galicia e con 3 puntos de diferenza por debaixo da media española.

- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Andalucía e Estremadura.

- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Navarra 9,21%, País Vasco, co 9,43%, e A Rioxa 9,77%

Cadro 5.12

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2019-2016

	2016		2017		2018		2019	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Andalucía	25,70	31,38	21,63	27,85	19,76	26,94	17,84	25,22
Aragón	11,45	16,01	8,79	14,41	9,33	12,16	8,79	11,49
Asturias	14,96	14,19	13,99	15,32	12,37	14,92	13,31	15,13
Baleares	12,95	14,76	13,77	11,23	12,03	10,92	10,29	13,41
Canarias	23,45	26,55	20,02	24,32	18,90	21,42	19,30	21,85
Cantabria	12,62	13,20	13,05	13,98	9,20	12,38	9,64	11,02
Castela e León	13,27	16,67	11,29	16,61	13,29	24,05	10,02	13,57
Castela-A Mancha	18,62	26,75	15,53	25,12	10,36	14,21	12,23	21,27
Cataluña	13,91	15,89	11,85	13,49	10,95	12,09	10,59	11,51
C. Valenciana	17,49	21,02	14,77	19,07	14,00	17,46	11,79	16,86
Extremadura	24,27	33,47	21,22	30,10	19,38	29,05	16,60	27,68
Galicia	15,63	17,00	14,25	15,21	12,38	14,36	10,75	12,84
Madrid	14,15	15,08	13,00	14,53	11,62	12,85	9,81	11,47
Murcia	15,64	22,31	15,05	19,94	13,40	20,98	11,88	18,22
Navarra	9,23	10,90	7,84	11,69	9,08	11,09	7,39	9,21
País Vasco	11,95	12,64	10,52	10,63	10,09	9,84	8,89	9,43
A Rioxa	9,19	12,89	9,45	13,94	9,10	11,85	10,12	9,77
Ceuta	18,93	27,28	20,13	33,54	22,88	36,34	23,07	29,66
Melilla	21,81	35,32	20,46	30,67	21,56	31,57	22,36	32,72
España	17,22	20,25	14,97	18,35	13,72	17,02	12,50	15,99

Fonte: INE, EPA, media dos 4 trimestres do ano.

A desagregación por grandes grupos de idade do desemprego de Galicia reflíctese no cadro 5.13.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 96% das demandas pendentes de demandantes en paro (93% en España) fronte ao 94% dos homes (90% en España). O 44% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (39% en homes).


Cadro 5.13

Poboación desempregada. Por idade e sexos. Galicia. 2017-2019

	2017		2018		2019	
	Menores de 25 anos	Maiores 25 anos	Menores 25 anos	Maiores 25 anos	Menores 25 anos	Maiores 25 anos
Homes	4.525	76.973	4.124	69.259	4.009	67.657
Mulleres	4.185	99.330	3.734	92.178	3.643	89.999
	2.017	2.017	2.018	2.018	2.019	2.019

Datos decembro 2018.

Fonte: SEPE.



5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dous ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Demandantes ocupados/as ou con relación laboral
 - Demandantes dun emprego específico
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas
- Demandantes de emprego en paro

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro foron 165.308 segundo a información do SEPE. Delas, o 43,35% correspondía ao colectivo de homes (España 41,99%) e o 56,65% ao de mulleres (España 58%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres son as de entre 55-59 anos as que máis demandas acumulan e igual no caso dos homes.

Destaca a mellor posición do grupo feminino en Galicia en relación con España.

Cadro 5.14
Poboación desempregada. Por idade e sexo.
Galicia. 2019

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	602	862	1.464
20 a 24	3.041	3.147	6.188
25 a 29	7.019	6.119	13.138
30 a 34	8.772	6.221	14.993
35 a 39	10.799	6.951	17.750
40 a 44	12.749	8.064	20.813
45 a 49	12.460	8.775	21.235
50 a 54	12.686	10.000	22.686
55 a 59	12.962	11.402	24.364
60 a 64	12.552	10.125	22.677
65 e mais	0	0	0
Total	93.642	71.666	165.308

Fonte: IGE.

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciáveis xa que nos dous grupos é o colectivo de estudos secundarios, o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 57,9% e os homes 53,7%. As mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 23% de demandas de emprego pendentes, fronte ao 14,9% de homes.

Cadro 5.15
Demandantes de emprego por nivel de formación e sexo.
Galicia. 2019

	Homes	Mulleres
Analfabetos	4.261	4.988
Estudos primarios incompletos	5.688	6.408
Estudos primarios completos	9.559	10.400
Estudos secundarios	41.510	50.261
Programas de formación profesional	4.570	7.026
Educación xeral	36.940	43.235
Estudos postsecundarios	10.648	21.585
Técnico-profesional superior	5.153	8.564
Primeiro ciclo	1.432	4.050
Segundo e terceiro ciclo	4.033	8.891
Outros	30	80
Total	71.666	93.642

Miles de persoas.
Fonte IGE-INE.

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (27,4%)
- Traballadoras non cualificadas de servizos (17,1%)

- Empregadas de oficina non pública, con 9.573 demandas de emprego pendentes.
- Traballadoras de servizos de saúde, con 9.460 demandas de emprego pendentes.
- No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.16

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo grupo principal de ocupación. Galicia. Decembro 2019**

	Homes	Mulleres
A Directores/as e xerentes	857	398
B Técnicos/as e profesionais saúde e ensino	948	3.412
C Outros tecnicos/as científicos e intelectuais	4.484	6.346
D Técnicos/as profesionais de apoio	8.284	6.536
E Empregados/as oficina non públicos	3.141	9.573
F Empregados/as oficina públicos	752	2.848
G Traballadores/as servizos restauración e comercio	6.601	25.635
H Traballadores/as servizos saúde	1.071	9.460
I Traballadores/as servizos protección e seguridade	1.447	241
J Traballadores/as cualificados agricultura e gandería	2.877	1.133
K Traballadores/as cualificados construción	11.329	155
L Traballadores/as cualificados industrias manufactureiras	7.574	3.037
M Operadores/as instalación e maquinaria	1.498	3.139
N Condutores/as operador/as maquinaria móbil	5.345	397
O Traballadores/as non cualificados servizos	2.326	16.022
P Peóns/onas agricultura e construción	13.097	5.301
Q Ocupacións militares	35	9
Total	71.666	93.642

Fonte: SEPE.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar o comercio como a máis demandada, seguida de hostalaría, actividades administrativas e servizos auxiliares e industrias manufactureiras. En España en primeiro lugar aparece o comercio, seguida da hostalaría e actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, seguido de actividade de industrias manufactureiras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría, educación e persoal domestico.

Cadro 5.17

Poboación desempregada. Por sector económico e sexo. Galicia. 2019

	Nº parados/as ^(*)		
	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	4,1	1,7	5,8
B Industria	9,1	9,1	18,2
C Construción	11,7	1,5	13,2
D Servizos	39,02	72,8	111,82
E Sen emprego anterior	4,7	9,1	13,8
Total	68,62	94,2	162,82

(*) Miles de persoas.

Fonte: IGE.

Cadro 5.18

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2019**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
< 1 mes	3.701	938	1.003	3.894	9.536
De 1 a <= 6 meses	8.474	2.126	2.508	8.864	21.972
De > 6 meses a <= 1 ano	3.745	933	1.168	3.715	9.561
De máis de 1 ano	11.377	2.914	3.243	10.150	27.684
Total	27.297	6.911	7.922	26.623	68.753
MULLERES					
< 1 mes	4.197	1.104	1.105	4.288	10.694
De 1 a <= 6 meses	10.399	2.681	2.838	10.620	26.538
De > 6 meses a <= 1 ano	5.286	1.312	1.550	5.421	13.569
De máis de 1 ano	17.549	3.759	4.973	17.382	43.663
Total	37.431	8.856	10.466	37.711	94.464
TOTAL	64.728	15.767	18.388	64.334	163.217

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representan o 62,5% no grupo de mulleres, fronte ao 67% no dos homes, reforzando a idea da maior dificultade da muller para acceder a o mercado laboral.

Cadro 5.19

**Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa.
Por sexo e por provincias. Decembro 2019**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Por colocación	52.365	13.389	13.893	57.067	136.714
Con oferta previa	1.718	851	927	2.260	5.756
Sen oferta previa	50.647	12.538	12.965	54.807	130.957
Non renovación	18.366	4.931	5.474	18.583	47.354
Outras causas	8.102	1.877	1.057	8.969	20.005
Total	131.198	33.586	34.316	141.686	340.786
MULLERES					
Por colocación	56.775	15.679	15.074	58.992	146.520
Con oferta previa	1.613	665	650	1.844	4.772
Sen oferta previa	55.162	15.014	14.424	57.148	141.748
Non renovación	22.293	6.032	7.105	22.315	57.745
Outras causas	11.132	2.547	1.560	14.921	30.160
Total	146.975	39.937	38.813	155.220	380.945

Fonte: IGE.

5.4. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2019 a contratación feminina supuxo o 47,8% do total da contratación mellorando con respecto ao ano 2018, tanto de contratos iniciais, como de conversión en indefinidos, e adscricións en colaboración social. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 47,9% e as conversións o 45% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 57,9%.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade. Galicia. 2016-2019

	2016		2017		2018		2019	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	450.596	493.518	486.835	534.127	517.748	567.378	519.671	566.450
Total contratos iniciais	437.365	478.263	471.580	516.000	498.334	540.691	500.232	542.703
Conversións a indefinidos					19.414	23.687	19.439	23.747
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	12.002	23.562	12.592	22.619	12.252	22.305	12.470	23.262
Total contratos iniciais	11.708	23.104	12.190	22.133	11.770	21.720	12.082	22.790
Conversións a indefinidos					482	585	388	472
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	89.199	118.661	100.277	135.691	112.883	140.720	118.194	141.071
Total contratos iniciais	86.619	115.179	97.120	131.132	106.818	134.689	113.978	134.671
Conversións a indefinidos					4.065	6.031	4.216	6.400
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	277.160	302.383	293.745	321.549	308.814	342.742	303.425	340.552
Total contratos iniciais	269.620	293.424	285.349	311.219	298.020	329.089	292.994	327.271
Conversións a indefinidos					10.794	13.653	10.431	13.281
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	71.129	48.860	79.222	54.211	82.800	58.557	84.599	61.524
Total contratos iniciais	68.312	46.504	75.922	51.459	78.727	55.139	80.195	57.930
Conversións a indefinidos					4.073	3.418	4.404	3.594
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	1.106	52	999	57	999	54	983	41
Total contratos iniciais	1.106	52	999	57	999	54	983	41
Conversións a indefinidos					0	0	0	0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 86,7% en 2019 das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos, e aumentando con respecto ao ano anterior (83,7% en 2018). O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 11,5% (7,47% en 2018) e a agricultura co 1,2% (7,75% en 2018). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza o 1%.


O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 52,9% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

Cadro 5.21

Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2018-2019

	Mulleres		Homes	
	2018	2019	2018	2019
Agricultura	6.120	6.516	26.932	27.568
Industria	62.585	59.799	98.560	94.375
Construción	2.685	2.567	44.172	42.722
Servizos	446.358	450.789	394.714	401.785
Total	517.748	519.671	564.378	566.450

Fonte: IGE.



Cadro 5.22

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2018-2019

	2018			2019		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e silvicultura e pesca	5.939	25.929	31.868	6.516	27.568	34.084
B Industrias extractivas	34	620	654	40	664	704
C Industrias manufactureira	59.226	88.634	147.860	58.240	89.525	147.765
D Fornecemento de enerxía eléctrica gas, vapor e aire acondicionado	42	305	347	91	245	336
E Fornecemento de auga, saneamento, residuos, descontaminación	1.060	3.341	4.401	1.428	3.941	5.369
F Construción	2.309	40.517	42.826	2.567	42.722	45.289
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	69.045	45.340	114.385	72.455	48.211	120.666
H Transporte e almacenamento	20.711	81.589	102.300	21.199	87.116	108.315
I Hostalaría	130.844	105.186	236.030	142.144	114.004	256.148
J Información e comunicacións	7.679	11.297	18.976	8.379	13.723	22.102
K Actividades financeiras e de seguros	3.379	1.578	4.957	3.320	1.664	4.984
L Actividades inmobiliarias	665	382	1.047	714	360	1.074
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	15.146	12.790	27.936	17.005	14.101	31.106
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	48.659	36.261	84.920	47.576	36.137	83.713
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	13.380	8.707	22.087	14.732	8.749	23.481
P Educación	24.205	11.698	35.903	23.616	12.127	35.743
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	42.965	7.989	50.954	45.856	8.496	54.352
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	29.587	51.917	81.504	30.124	50.118	80.242
S Outros servizos	13.109	6.094	19.203	14.019	6.516	20.535
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	10.242	431	10.673	9.553	393	9.946
U Organizaciones extraterritoriais	107	87	194	97	70	167
Total	498.333	540.692	1.039.025	519.671	566.450	1.086.121

Fonte: SEPE.

De acordo a información do SEPE, sobre demandantes de emprego segundo o grupo principal de ocupación, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás

ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 31,5% fronte ao 68,6% de homes, as porcentaxes iguálanse en técnicas e profesionais de saúde e do ensino (78,7%) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (90%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración (60%) e comercio (55,5%) do total das persoas contratadas e o 41% da contratación feminina.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa (2%) e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 47,8% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 62,6% (69% en 2018)..

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os de interinidade 71,5% (72,4% en 2018) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano, de novo, o contrato para a formación realizado a mulleres (52,9%) supera os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e o de prácticas baixa de novo e chega ao 48% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 95,76% da contratación a mulleres, igualándose ao colectivo masculino que chega ao 95,3%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 4,23% nas mulleres nos dous anos e o 4,69% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando ao 45% para o colectivo feminino.


Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, aínda que hai que destacar o aumento da parcialidade no grupo de homes.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo. 2017-2019

	2017		2018		2019	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonificado/ non bonificado)	21.526	25.200	24.517	30.240	21.184	25.460
Obra ou servizo	132.510	195.237	138.753	203.569	133.938	201.027
Eventual por circunstancias da produción	244.166	254.815	258.178	267.360	271.300	278.678
Interinidade	63.929	25.625	67.065	25.513	66.452	26.492
Prácticas	2.963	3.066	2.970	3.311	2.427	2.629
Formación	1.739	1.450	1.906	1.704	1.309	1.165
Outros	4.747	10.607	4.945	8.994	3.622	7.222
Conversión a indefinidos	15.255	18.127	19.414	23.687	19.439	23.747
TOTAL	486.835	534.127	517.748	564.378	519.671	566.420

Fonte: SEPE.



5.5. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 45% eran mulleres, porcentaxe inferior á dos homes seguindo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,4%, máis de 6 puntos por riba da media masculina do 46,6%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.


Cadro 5.24

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Galicia. Curso 2017-2019

Galicia	2017			2018			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	17.104	9.447	7.657	17.352	9.587	7.765	17.437	9.558	7.879

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE, información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



Cadro 5.25


Enseño non universitario. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Galicia. Curso 2017-2019

Galicia	2019			2018			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	30.502	14.203	16.299	30.776	14.431	16.345	31.137	14.640	16.497

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: IGE, información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Capítulo 5. A muller no mundo laboral




O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 8 puntos as mulleres, 5 puntos en 2018. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia. 2010-2019

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,6	16,7	8,2

Unidades: porcentaxes,
Fonte: IGE-INE, EPA.



Segundo o INE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2019, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55,2%.

A porcentaxe media do 55% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas

As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.27

**Alumnado matriculado en ensino universitario,
segundo rama de coñecemento e sexo. Galicia. Curso 2018**

	Total	Mulleres	% de Mulleres
Total	61.535	34.033	55,3
Ciencias da saúde	10.632	7.730	72,7
Ciencias	5.473	2.839	51,9
Ciencias sociais e xurídicas	26.302	15.854	60,3
Enxeñaría e arquitectura	13.137	3.622	27,6
Artes e humanidades	5.991	3.988	66,6

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2018, últimos datos dispoñibles, o 61% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55,3% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 61%, fronte ao 39% de homes.

Cadro 5.28

**Estudantes con titulación nas universidades galegas por
sexo. Galicia. Curso 2017- 2018**

	Total	Mulleres	% de Mulleres
Titulados/as universitarios	11.132	6.779	60,90

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2019 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 42,8%, aumentando os niveis de anos anteriores e chegando ás recomendacións do 40%. Nas subsecretarías e secretarías xerais técnicas só se alcanza o 38,3%.

Cadro 5.29

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres. 2016-2019

	2016	2017	2018	2019
Total ambos os sexos	204,00	202,00	250,00	
Presidencia do Goberno, vicepresidencia e ministerios	27,30	35,70	61,10	58,80
Secretarías de Estado	25,00	29,20	43,50	44,00
Subsecretarías e secretarías xerais	36,50	30,20	39,70	38,30
Direccións xerais e secretarías xerais técnicas	27,40	27,90	39,00	42,50
Total en porcentaxe %	29,41	29,21	41,20	42,80

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019.

Cadro 5.30

Mulleres no Goberno en porcentaxe

	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (marzo)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003 ⁽¹⁾	2003	2002	2000
Partido no Goberno	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17
% de mulleres	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir dos datos publicados na web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2019 unha media do 46,19%.

En 2019 a maior presenza feminina dáse en País Vasco cun 53,33% e en Navarra cun 50% e a menor en Melilla 40% e Cantabria co 40,5%.

En Galicia a representación é do 45,33%, aumentando sobre o ano anterior 36,36%.

Cadro 5.31

porcentaxe de mulleres nos Parlamentos autonómicos. 2010-2019

	2010	2011	2012	2015	2016	2018	2019
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1	45,43	46,19
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5	49,54	49,54
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8	47,76	47,76
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9	48,89	47,83
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5	47,46	47,46
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33	53,33	44,29
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9	38,89	40,54
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7	41,67	43,21
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4	42,42	45,45
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3	42,45	42,54
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4	44,44	47,47
Extremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7	47,69	44,62
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3	36,36	45,33
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6	42,64	46,21
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6	35,56	44,44
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0	48,00	50,00
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3	53,33	53,33
A Ríoxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5	45,45	48,48
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	44,44
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00	40,00

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir dos datos publicados nas páxinas web dos Parlamentos autonómicos.

A participación das mulleres na Comisión Europea (32,14% en total) tampouco é moi superior, co 16,67% nas vicepresidencias e o 38,10% nas comisarias, segundo os últimos datos dispoñibles del 2018.


Cuadro 5.32

Participación de mulleres na Comisión Europea. 2018

	Ambos sexos	% Mulleres
	28	32,14
Total		
Presidencia	1	0,00
Vicepresidencias	6	16,67
Vicepresidencia promeira	1	0,00
Alta representante	0	0,00
Vicepresidentas	5	20,00
Comisarias	21	38,10

Fonte: Secretaría de Estado de Igualdade.

Mulleres na Comisión Europea



O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos da Unión Europea pon de manifesto un leve aumento, pasando do 37,3% de 2016 ao 36,8% de 2017, 36,4% en 2018 e 40,7% en 2019. Este aumento non se repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: a maior porcentaxe de representación feminina osténtaa Suecia, 55%, mentres que a menor representación a encontramos en Chipre (0%) e Eslovaquia (15,4%).

En España en 2018 a representación da muller no Parlamento Europeo alcanzou o 47,1%.

Cadro 5.33

Participación de mulleres no Parlamento europeo. 2018-2019

	% Mulleres	
	2018	2019
UE-28	36,40	40,70
Alemania	35,40	36,50
Austria	38,90	50,00
Bélxica	35,00	38,10
Bulgaria	17,60	29,40
Chipre	16,70	0,00
Croacia	54,50	36,40
Dinamarca	30,80	46,20
Eslovaquia	30,80	15,40
Eslovenia	37,50	50,00
España	48,10	47,10
Estonia	16,70	33,30
Finlandia	76,90	53,80
Francia	43,20	50,00
Grecia	23,80	23,80
Hungría	19,00	38,10
Irlanda	54,50	45,50
Italia	38,40	41,70
Letonia	42,90	50,00
Lituania	18,20	27,30
Luxemburgo	33,30	50,00
Malta	50,00	50,00
Países Baixos	38,50	50,00
Polonia	25,50	35,30
Portugal	28,60	47,60
R. Checa	23,80	33,30
Reino Unido	39,70	46,60
Rumanía	28,10	21,90
Suecia	50,00	55,00

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir de datos do INE.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Boletín estatístico do persoal ao servizo das Administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Facenda aínda que a porcentaxe de funcionarias (52,4%) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai unha representación feminina do 42,22% (40,11% en 2018) e ao nivel 29 cun 42,94% (45,33 % en 2018).

Ao ir descendendo de nivel as porcentaxes vanse igualando, e segue incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 14 (60,42%), o 16 (59,75%) ou o 18 (62,53%).


Nos organismos internacionais o papel da muller tampouco é moi destacado, cun 20,6% de representación, sendo o cargo de delegada permanente o de maior porcentaxe (25%); os últimos datos dispoñibles son del 2016.

Cadro 5.34

Representación de mulleres en organismos internacionais. España. 2016

TOTAL	Ambos os sexos: % de mulleres	
	73	20,6
Embaixadoras - Representantes permanentes	17	17,65
Representantes permanentes adxuntas	6	16,67
Conselleiras	29	20,69
Delegadas permanentes	4	25,00
Outras	17	23,53

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de altos cargos. Datos xuño 2016.



A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo escasa.

En 2019 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social (25%) e no Consello de Estado (33,3%). Mellora no Consello Xeral do Poder Xudicial (42,9%) e no Tribunal de Contas (41,7%)

A participación feminina no ano 2017, últimos dispoñibles, na carreira xudicial é do 60,09%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial a porcentaxe diminúe.

En categorías de xudicatura a participación é maioritariamente feminina (64,53%), pero só alcanza o 14,12% no caso de maxistradas do Tribunal Supremo.

5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres: a falta de repartición

equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, do ano 2019, móstranos a nivel de toda España que o 81,2,% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 76%, mellorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.35
Excedencia por coidado de familiares. Galicia/España. 2018-2019

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2018	2019	2018	2019
Galicia	306	355	230	270
España	11.808	12.058	9.734	9.798


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (81,09% en 2019), fronte ao 18,9% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.36
**Núcleos familiares monoparentais
por sexo en miles. 2015-2019**

	Ambos os sexos	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2019	1887,5	81,09
2018	1878,5	81,88
2017	1842,4	83,04
2016	1964,9	80,98
2015	1897,4	81,25

Fonte: Instituto da muller e para a Igualdade de Oportunidades.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia correspondentes a 2019, últimos datos dispoñibles, móstrannos que nese ano o 91,85% das excedencias eran

solicitadas por mulleres e o 8,15% de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. Nese ano en España o 90,93% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.37**Excedencias por coidado de fillas/os. Galicia/España. 2011-2019**

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade, que so estiveron vixentes ata o 31/03/2019. No cadro 38 constátase que en 2019, ata o 31 de marzo, en Galicia o 97,4% dos permisos foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,1% de permisos das nais.

Con data 07/03/2019 publicouse o Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, cuxa entrada en vigor, para as prestacións por nacemento e coidado de menor, así como os permisos por nacemento, adopción e proxenitor diferente da nai biolóxica, é 1 de abril de 2019.

É por este motivo que tanto nas prestacións de maternidade coma de paternidade só existan datos ata o 31 de marzo de 2019.

No caso dos permisos de paternidade solicitáronse ata esa data 3.214 en Galicia e 71.027 en España.

Cadro 5.38

Prestación de maternidade por comunidades autónomas. 2019

		Total ⁽¹⁾	% Procesos percibidos pola nai
Prestación de maternidade	Total	64.253	98,10
	Andalucía	11.780	98,70
	Aragón	1.727	98,10
	Asturias	919	98,30
	Baleares	1.718	97,20
	Canarias	2.396	98,30
	Cantabria	704	97,70
	Castela e León	2.650	97,80
	Castela-A Mancha	2.366	98,20
	C. Valenciana	6.352	98,40
	Cataluña	11.774	98,30
	Estremadura	1.443	98,60
	Galicia	3.087	97,40
	Madrid	10.809	98,20
	Murcia	2.158	99,30
	Navarra	887	96,60
	A Ríoxa	404	98,50
	País Vasco	2.906	95,40
	Ceuta	62	98,40
	Melilla	111	98,20

1) A prestación de maternidade estivo vixente ata o 31/03/2019, polo que os datos de número e importe son os correspondentes ao primeiro trimestre de 2019.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Cadro 5.39

Permisos de paternidade por comunidades autónomas. 2014-2019

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Total ⁽¹⁾	235.678	238.806	244.468	264.632	255.531	71.027
Andalucía	36.968	37.700	39.109	42.959	43.711	11.670
Aragón	7.449	7.623	7.438	7.852	7.477	2.066
Asturias	3.718	3.812	3.868	4.289	4.054	1.034
Baleares	5.071	5.197	5.461	6.418	6.492	1.824
Canarias	7.631	7.992	8.369	9.067	8.861	2.421
Cantabria	2.822	2.828	2.871	3.055	2.881	803
Castela e León	11.091	11.083	11.163	11.557	11.246	3.025
Castela-A Mancha	9.761	9.968	10.313	11.123	11.015	3.030
C. Valenciana	23.319	23.389	24.466	26.109	24.950	7.200
Cataluña	44.227	45.309	45.924	49.815	47.820	14.201
Estremadura	4.572	4.370	4.867	5.073	5.018	1.356
Galicia	11.156	11.419	11.819	12.972	12.245	3.214
Madrid	39.326	39.835	40.075	44.509	40.741	11.574
Murcia	8.312	8.460	9.002	9.559	9.859	2.633
Navarra	4.241	4.244	4.216	4.102	4.011	1.012
A Ríoxa	1.806	1.781	1.756	1.854	1.849	514
País Vasco	13.630	13.274	13.059	13.627	12.584	3.278
Ceuta	6.601	235	228	311	280	82
Melilla	270	287	284	381	437	110

(1) A prestación de paternidade estivo vixente ata o 31/03/2019, polo que os datos de número e importe son os dos correspondentes ao primeiro trimestre de 2019.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto da muller sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 95,22% en 2018, últimos datos dispoñibles, e 95,2% en 2017, sexan mulleres e o 93,73% en 2018 e o 92% en 2017 do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 71,51% en 2018, último dato, e o 71% en 2017 das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 81,5% en 2018 e o 83% en 2017 das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

Cadro 5.40

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España. 2016-2018

		2016	2017	2018
Ambos sexos	Total	2.833,0	2805,4	2894,8
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1	227,8
	Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4	38,4
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	260,4	281,7	343,2
	Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2	165,9
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3	1527,1
	Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8	272,4
	Outros motivos	275,0	294,7	0
	Non sabe o motivo	7,0	8,1	11,9
% Mulleres	Total	72,61	73,86	74,59
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19	58,17
	Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07	69,53
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	96,04	95,21	95,22
	Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05	93,73
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14	71,51
	Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81	81,5
	Outros motivos	66,15	62,95	63,44
	Non sabe o motivo	72,86	62,96	70,59

Unidade: Miles de persoas. 2019.

Fonte: Elaborado polo Instituto da Muller a partir de datos da EPA.

5.8. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 16.755 euros fronte aos 21.327 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 21,4% menos que os homes polo traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 17.180 euros (2018), fronte aos 22.095 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 22,25% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (17.180 euros) e que a media no conxunto do Estado de 19.809 euros.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016, 2017 e 2018.

Cadro 5.41

Poboación asalariada por comunidades autónomas e sexo. 2017-2018

	2017				2018			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	15.114	76,53	12.943	16.912	15.668	76,86	13.461	17.514
Aragón	19.461	74,87	16.468	21.994	19.973	75,20	16.959	22.553
Asturias	19.987	72,67	16.685	22.959	20.650	73,60	17.377	23.611
Baleares	18.286	82,69	16.490	19.941	19.153	83,83	17.409	20.767
Canarias	16.470	85,73	15.143	17.664	17.022	86,50	15.733	18.188
Cantabria	19.267	74,12	16.218	21.881	19.890	74,83	16.851	22.518
Castela-A Mancha	18.783	77,31	16.211	20.968	17.365	79,37	15.135	19.068
Castela e León	16.695	79,56	14.558	18.298	19.288	77,58	16.694	21.518
Cataluña	21.698	76,84	18.727	24.370	22.373	77,10	19.357	25.107
C. Valenciana	17.657	77,63	15.266	19.664	18.232	78,14	15.837	20.268
Extremadura	14.099	83,25	12.699	15.254	14.651	83,19	13.196	15.862
Galicia	18.463	78,44	16.123	20.554	19.159	78,56	16.755	21.327
Madrid	25.120	73,34	21.112	28.787	25.904	74,07	21.906	29.573
Murcia	16.282	78,96	14.145	17.913	16.828	78,91	14.626	18.534
A Rioxa	19.237	77,01	16.545	21.483	19.747	76,86	16.980	22.091
Ceuta	21.866	72,55	17.892	24.663	22.287	73,86	18.445	24.972
Melilla	20.956	78,90	18.080	22.914	20.972	80,44	18.338	22.797
Total	19.172	75,37	16.143	21.417	19.809	77,76	17.180	22.095

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.

No cadro 5.42 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse nas ramas de entidades financeiras e aseguradoras cun 29% menos e na de servizos a empresas, onde a muller gaña un 28,3% menos que o home.

As menores diferenzas encontrámonas en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 86,4% do salario masculino, probablemente porque as poucas

mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores, e en servizos sociais con 83,5%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

Cadro 5.42

Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia/España. 2018

	España Homes	España Mulleres	Galicia		
			Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	8.730	5.385	12.170	16.891	72,05
Industria extractiva, enerxía e auga	30.645	23.999	22.911	30.226	75,80
Industria	25.961	19.536	17.198	23.832	72,16
Construción e servizos inmobiliarios	18.520	17.426	16.238	18.784	86,45
Comercio, reparacións e transporte	21.403	15.022	15.008	20.529	73,11
Información e comunicacións	33.448	26.169	20.482	26.595	77,01
Entidades financeiras e aseguradoras	46.362	31.544	26.869	37.771	71,14
Servizo ás empresas	20.905	14.629	12.734	17.756	71,72
Servizos sociais	27.152	21.980	22.347	26.765	83,49
Outros servizos persoais e de ocio	13.160	9.448	8.314	11.518	72,18
Total					

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Elaboración propia cos datos do Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2018 o 19,2% tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 16,7% tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 36% das mulleres tiveron en 2018 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 14% e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 10,5%, mellores datos que no grupo de mulleres.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

Cadro 5.43

Poboación asalariada por tramos de salario e sexo. Galicia/España. 2017-2018

	2017				2018			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	83.165	98.985	1.750.054	1.989.108	77.733	95.090	1.711.680	1.981.631
De 0,5 a 1 SMI	58.497	80.503	1.190.238	1.375.353	57.869	82.909	1.201.293	1.426.762
De 1 a 1,5 SMI	72.670	93.490	1.306.128	1.395.217	78.626	102.235	1.420.265	1.525.697
De 1,5 a 2 SMI	109.719	72.125	1.575.014	1.134.080	116.410	75.666	1.697.017	1.198.217
De 2 a 2,5 SMI	69.292	43.758	1.107.826	751.744	71.514	44.877	1.154.374	780.585
De 2,5 a 3 SMI	42.810	26.590	752.462	511.323	42.271	27.661	746.183	525.567
De 3 a 3,5 SMI	32.240	23.586	573.733	416.595	33.846	23.814	601.036	437.723
De 3,5 a 4 SMI	20.817	15.754	423.040	302.468	20.814	16.099	433.035	308.676
De 4 a 4,5 SMI	14.667	11.402	303.887	207.762	13.960	10.361	297.379	199.156
De 4,5 a 5 SMI	9.326	5.161	202.280	115.894	9.346	4.754	196.762	111.502
De 5 a 7,5 SMI	19.996	9.764	445.434	223.650	19.506	9.969	432.367	223.192
De 7,5 a 10 SMI	5.203	1.907	125.978	47.687	4.835	1.759	119.497	46.279
Máis de 10 SMI	3.054	627	94.282	21.962	2.938	657	91.429	22.211
Total	541.456	483.652	9.850.356	8.492.843	549.668	495.851	10.102.317	8.787.198

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.

No cadro 5.44 se mostra a Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2017 do INE, última dispoñible, que confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2017 do colectivo feminino foi de 18.833,53 euros. Se distinguimos entre tipo de contrato, a media foi de 19.597,17 euros para os contratos indefinidos e 15.676,45 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 24.321,64 euros, distribuídos en 25.806,46 euros para os contratos indefinidos e 17.924,12 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2017 percibiron unhas retribucións un 22.5% menor que os dos homes, diferenza que no caso dos contratos temporais alcanza o 23%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2017 foi de 20.607,85 euros, fronte aos 26.391,84 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 21,9%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 23,5%.

Cadro 5.44**Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). 2017**

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	24.175,52	26.228,84	17.674,28
Aragón	25.878,46	27.403,75	18.012,42
Asturias	27.849,00	30.156,49	18.732,00
Baleares	23.538,43	27.794,07	18.672,85
Canarias	21.291,66	22.126,97	17.786,87
Cantabria	25.249,94	26.769,06	17.710,30
Castela e León	27.782,80	26.424,12	17.672,19
Castela-A Mancha	23.160,99	24.975,58	17.099,88
Cataluña	28.323,31	30.151,19	18.352,52
C. Valenciana	23.867,74	25.596,86	15.894,66
Extremadura	21.585,18	23.356,27	15.430,38
Galicia	24.321,64	25.806,46	17.924,12
Madrid	29.910,43	31.661,42	18.403,17
Murcia	24.009,22	25.534,67	17.880,00
Navarra	29.699,10	31.943,31	19.115,00
País Vasco	31.618,97	33.774,42	21.940,77
A Ríoxa	24.820,49	25.815,66	19.102,33
España	26.391,84	28.231,26	17.983,21

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	18.287,29	19.230,90	14.969,31
Aragón	19.677,22	20.497,63	15.491,87
Asturias	19.426,48	20.772,47	14.323,18
Baleares	20.465,58	20.988,04	18.014,55
Canarias	18.917,73	18.889,02	19.048,51
Cantabria	19.012,20	20.209,41	-12.971,08
Castela León	18.796,93	19.284,93	16.773,32
Castela A Mancha	18.327,35	19.176,48	15.830,34
Cataluña	21.801,47	22.721,08	16.554,40
C. Valenciana	18.523,81	19.404,44	14.091,41
Extremadura	17.722,29	19.845,36	11.978,58
Galicia	18.833,53	19.597,17	15.676,45
Madrid	24.029,31	25.183,74	16.614,61
Murcia	18.048,37	18.909,33	14.815,12
Navarra	21.898,57	23.321,42	14.673,99
País Vasco	24.165,97	25.024,61	19.967,16
A Ríoxa	19.353,55	20.054,67	16.643,68
España	20.607,85	21.609,64	15.972,35

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social para a elaboración deste apartado non están desagregadas por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estatísticas laborais e de asuntos sociais do MTES, foi lixeiramente

superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción e en programa de activación para o emprego.

388.956 (en 2018) e 415.846 (2019) mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 362.216 (en 2018) e 391.768 (2019) homes. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.

460.407 (en 2018) e 511.383 (2019) mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 393.029 (2018) e 401.001 (2019) homes.

95.729 (2018) e 87.326 (2019) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 70.353 (2018) e 53.647 (2019) homes.

21.622 (en 2018) e 72 (2019) mulleres percibiron programa de activación para o emprego fronte a 12.356 (2018) e 57 (2019) homes.

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 2.886 euros en 2018 fronte aos 3.126 2018 dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2018 aos 2.823 euros para as mulleres e aos 3.216 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 393 euros anuais como media, acurtándose a distancia entre os dous colectivos.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 63 euros menos en 2018 que a media de España, empeorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 90 euros máis, 155 euros no ano 2017.



Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 87,8% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 12,2% menos.

Cadro 5.45

Prestación media anual. Segundo sexo e idade. España. 2015-2018

	2015		2016		2017		2018
Homes		Homes		Homes		Homes	
menor de 26 anos	2.037	menor de 26 anos	2.024	menor de 26 anos	2.032	menor de 26 anos	2.088
26 a 35 anos	2.727	26 a 35 anos	2.681	26 a 35 anos	2.625	26 a 35 anos	2.697
36 a 45 anos	3.157	36 a 45 anos	3.064	36 a 45 anos	2.971	36 a 45 anos	2.981
46 a 55 anos	3.362	46 a 55 anos	3.175	46 a 55 anos	3.048	46 a 55 anos	2.949
55 e máis anos	4.420	55 e máis anos	4.187	55 e máis anos	4.086	55 e máis anos	3.792
Total	3.304	Total	3.179	Total	3.087	Total	3.126
Mulleres		Mulleres		Mulleres		Mulleres	
menor de 26 anos	1.931	menor de 26 anos	1.925	menor de 26 anos	1.959	menor de 26 anos	2.039
26 a 35 anos	2.676	26 a 35 anos	2.618	26 a 35 anos	2.604	26 a 35 anos	2.673
36 a 45 anos	2.989	36 a 45 anos	2.902	36 a 45 anos	2.865	36 a 45 anos	2.920
46 a 55 anos	2.880	46 a 55 anos	2.774	46 a 55 anos	2.746	46 a 55 anos	2.806
55 e máis anos	3.820	55 e máis anos	3.702	55 e máis anos	3.623	55 e máis anos	3.537
Total	2.962	Total	2.882	Total	2.850	Total	2.886

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018



Cadro 5.46

Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma da persoa perceptora. Galicia/España. 2017-2018

	2017			2018		
	Prestación media anual			Prestación media anual		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	2.827	2.891	2.763	2.871	2.922	2.822
Aragón	2.894	2.986	2.803	2.979	3.102	2.865
Asturias	3.144	3.414	2.854	3.151	3.424	2.871
Baleares	2.589	2.643	2.538	2.700	2.773	2.631
Canarias	2.843	2.971	2.720	2.907	3.048	2.776
Cantabria	2.961	3.132	2.782	2.985	3.180	2.739
Castela e León	3.015	3.198	2.817	3.018	3.214	2.819
Castela- A Mancha	2.858	2.965	2.745	2.957	3.049	2.867
Cataluña	3.179	3.303	3.056	3.225	3.379	3.078
Comunidad Valenciana	2.846	2.974	2.720	2.864	2.994	2.740
Extremadura	2.804	2.896	2.711	2.857	2.926	2.792
Galicia	3.042	3.242	2.837	3.015	3.216	2.823
Madrid	3.520	3.716	3.332	3.514	3.720	3.322
Murcia	2.649	2.738	2.551	2.735	2.835	2.629
A Rioxa	3.044	3.176	2.907	3.033	3.172	2.899
Ceuta	2.875	3.083	2.672	2.878	3.067	2.705
Melilla	2.912	3.130	2.694	2.838	3.035	2.642
España	2.968	3.087	2.850	3.004	3.126	2.886

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 13% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza redúcese ata un 9,4% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (13,2% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 16% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Cadro 5.47

Poboación desempregada e prestacións medias por nacionalidade e sexo da persoa perceptora. Galicia/España. 2018-2019

	2018						2019					
	Persoas desempregadas			Prestación media anual			Persoas desempregadas			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	3.680.192	1.792.121	1.888.071	3.014	2.879	3.148	3.796.140	1.981.227	1.814.913	3.042	2.914	3.181
Estranxeira	534.868	223.949	310.919	2.653	2.591	2.715	565.309	243.835	321.474	2.749	2.660	2.816
Galicia												
Española	218.683	108.675	110.008	3.060	2.850	3.270	210.820	108.603	102.217	3.035	2.838	3.244
Estranxeira	9.912	4.168	5.744	2.599	2.501	2.696	10.403	4.597	5.806	2.605	2.463	2.718

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.

5.10. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MTES nas estatísticas do Anuario de estatísticas laborais do 2019. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, si o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.291.846 en 2019) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 62,7% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 37,3%, mentres que as de viuvez chegan ao 96%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado as pensións percibidas polas mulleres en 2019 son 420,17 euros menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 34,8% menores (mulleres: 787,60 euros; homes: 1.207,77 euros), datos similares aos de 2017 e 2018. Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 454,21 euros menos que un home, un 34,6% menos, hai unha pequena melloría sobre o ano anterior.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.48

Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo. España. 2018-2019

	Importe medio En euros/mes		Número pensionistas	
	2018	2019	2018	2019
Homes	1.162,33	1.207,77	4.513.964	4.553.144
Incapacidade permanente	1.003,97	1.031,52	607.908	607.641
Xubilación	1.261,56	1.312,42	3.660.915	3.700.493
Viuvez	492,30	508,56	62.869	61.911
Orfandade	387,84	404,75	169.874	170.005
En favor de familiares	518,15	545,87	12.398	13.094
Mulleres	740,15	787,60	4.227.551	4.291.846
Incapacidade permanente	843,18	877,28	335.034	341.796
Xubilación	811,46	858,21	2.132.871	2.204.249
Viuvez	678,88	729,11	1.577.748	1.563.712
Orfandade	386,92	403,72	153.949	153.759
En favor de familiares	561,66	589,45	27.950	28.330
Ambos os dous sexos	944,69	900,50	8.741.678	8.845.069
Incapacidade permanente	946,19	975,46	942.953	949.441
Xubilación	1090,70	1137,81	5.793.854	5.904.788
Viuvez	664,44	711,83	1.640.646	1.625.640
Orfandade	387,39	404,26	323.877	323.777
En favor de familiares	548,62	575,96	40.347	41.424

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, Anuario de estadísticas laborales 2018-2019.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA, apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores a pensión media ou que chegan a ela e de o 27%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 17% de perceptores en 2018. Na mesma liña so hai 4.879 mulleres coas pensións máis altas fronte a 15,052 homes.

Cadro 5.49

Pensionistas, percepcións de pensións medias por sexo e tramo de pensión. España. 2018

	Total			Homes			Mulleres		
	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual	Pensionistas	Pensións por persoa	Pensión media anual
Total	9.459.086	1,13	14.917	4.760.416	1,14	17.486	4.698.670	1,11	12.314
De 0 a 0,5 PM	683.345	1,04	1.955	291.497	1,03	1.861	391.848	1,04	2.025
De 0,5 a 1 PM	1.402.966	1,07	6.253	524.643	1,07	6.347	878.323	1,07	6.196
De 1 a 1,5 PM	3.455.725	1,04	9.945	1.420.312	1,03	10.283	2.035.413	1,05	9.710
De 1,5 a 2 PM	1.128.877	1,1	14.725	642.858	1,08	14.783	486.019	1,13	14.649
De 2 a 2,5 PM	819.531	1,13	19.052	498.682	4,12	19.050	320.749	1,16	19.255
De 2,5 a 3 PM	526.840	1,19	23.181	357.158	1,19	23.222	169.682	1,24	23.094
De 3 a 3,5 PM	355.269	1,26	27.521	255.804	1,23	27.530	99.465	1,34	27.498
De 3,5 a 4 PM	377.369	1,31	31.932	247.282	1,28	31.862	130.087	1,38	32.065
De 4 a 4,5 PM	505.979	1,25	36.232	369.955	1,23	36.215	136.024	1,38	36.279
De 4,5 a 5 PM	73.402	2,05	40.118	53.470	2,03	40.158	19.932	2,1	40.010
De 5 a 7,5 PM	92.412	2,24	49.576	70.379	2,23	49.591	22.033	2,27	59.531
De 7,5 a 10 PM	17.445	2,43	72.256	13.324	2,42	72.191	4.121	2,46	72.466
Más de 10 PM	19.926	2,6	161.810	15.052	2,6	169.139	4.874	2,6	139.176

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018".

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,1% en 2018), non o son os importes das pensións recibidas, xa que a diferenza chega a un 28,6% menos. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 49,7%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2018 os 10.985 euros fronte aos 15.392 euros dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 71,4% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 28,6% menos, o que supón unha significativa diferenza (4.407 euros menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media coa das mulleres do resto de CC.AA, con 69 euros menos en 2018.

As pensións das mulleres galegas ocupan o segundo lugar das máis baixas, despois de Extremadura, empeorando a súa posición en relación a anos anteriores.

Cadro 5.50

Pensión media anual por comunidades autónomas e sexo. Exercicio 2017-2018

	2017			2018		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	12.738	10.651	14.804	13.423	11.244	15.553
Aragón	15.107	12.127	17.878	15.809	12.646	18.766
Asturias	17.373	12.782	21.619	17.829	13.252	22.060
Baleares	13.596	11.482	15.803	14.382	12.132	16.717
Canarias	12.495	10.700	14.301	13.192	11.315	15.062
Cantabria	15.086	12.036	18.040	15.708	12.637	18.666
Castela e León	14.294	11.674	16.606	14.908	12.210	17.265
Castela-A Mancha	12.565	10.441	14.249	13.242	10.996	15.002
Cataluña	15.124	12.531	17.906	16.046	12.095	19.028
C. Valenciana	16.166	10.966	15.351	13.849	11.501	16.177
Extremadura	11.672	10.119	13.065	12.224	10.620	13.633
Galicia	12.639	10.610	14.797	13.122	10.985	15.392
Madrid	17.117	13.964	20.384	18.416	14.913	22.033
Murcia	12.591	10.537	14.562	13.299	11.011	15.504
A Ríoxa	14.145	11.674	16.426	14.785	12.316	17.054
Ceuta	14.041	10.906	17.344	14.802	11.501	18.328
Melilla	13.120	10.446	16.080	13.993	11.388	17.183
Total	14.147	11.392	16.584	14.917	11.054	17.486

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2018.